

FICHA DE TRABAJO-Nº

AS LINGUAS NO MUNDO

As linguas do mundo son numerosísimas. En xeral, hai un acordo para establecer o seu número ao redor das **6.000**. Pero o certo é que non resulta doado saber con exactitude cantas se falan

O CONCEPTO DE INDOEUROPEO.

O indoeuropeo sería a *lingua nai* da que procede un importante grupo de linguas ou familia lingüística: son as chamadas linguas indoeuropeas. Tamén lle chamamos indoeuropeo ao pobo que se supón que falaba esa lingua.

O termo “indoeuropeo” é un termo *convencional*: iso significa que realmente non sabemos como estas xentes se chamaban a si mesmas. Optouse por “indoeuropeo” porque se viu que as linguas que chamamos indoeuropeas ocupaban un espazo xeográfico que ía dende a India (límite oriental) ata Europa (límite occidental). [India (indo-) + Europa = indoeuropeo].

O indoeuropeo é unha *lingua prehistórica*, é dicir, non se conservan testemuños escritos dela (lembra que o feito que marca o paso da prehistoria á historia é a aparición da escritura). Non obstante, podemos chegar a coñecer o indoeuropeo con bastante certeza a partir da comparación das linguas indoeuropeas históricas. É o chamado **método comparativo**.

Hoxe en día e grazas ao estudos da arqueóloga lituana Marija Gimbutas acéptase con case total unanimidade que a patria orixinaria dos antigos indoeuropeos serían as estepas do sur de Rusia.

Dentro da lingüística, a especialidade que estuda o indoeuropeo chámase *lingüística indoeuropea* ou *lingüística comparativa*.

AS LINGUAS INDOEUROPEAS.

1.- O grego.

Hai que distinguir entre o *grego antigo* (no que escribiron os primeiros autores da literatura occidental como Homero, Hesíodo, Heródoto...) e o *grego moderno* (o grego que se fala actualmente en Grecia).

2.- O latín.

Nun principio o latín era a lingua do *Lacio* (*Latium*, de onde procede o termo “latín”), a rexión de Italia onde se fundou Roma. Despois o latín foise espallando polos territorios que os romanos ían conquistando ata converterse na lingua do amplo espazo xeográfico que abranguíu o imperio romano.

Do latín proceden as chamadas linguas **románicas ou romances** (tamén se lle poden chamar neolatinas). Son linguas románicas: o galego, o castelán, o francés, o portugués, o italiano, o romanés, o sardo (lingua falada en Cerdeña), o occitano (sur de Francia), e o retorrománico (Suízo).

É moi difícil establecer a data exacta na que pasamos do latín ás linguas romances: con todo, hai algúns feitos que nos poden servir de referencia. No ano 813 un Concilio de Tours decidiría que na prédica litúrxica se empregase a “*rustica romana lingua*”, é dicir, a fala real da xente. Este dato é moi importante porque revela que daquela a xente xa non entendía o latín. É o primeiro recoñecemento oficial de que existen as linguas románicas.

¿A que nunca escoitaras falar de...?

- **Occitano**: sur de Francia; importante literatura medieval; aínda se fala (2.000.000 de falantes)
- **Sardo**: lingua de Cerdeña; aínda se fala (1.600.000 habitantes).
- **Retorrománico** (ou **retorromance**): falada aínda hoxe en Suíza por unhas 35.000 persoas. Considerada en risco de extinción.

3.- As linguas xermánicas. Exemplos: alemán, inglés, danés, holandés...

4.- As linguas celtas. Exemplos: irlandés (ou gaélico), escocés, galés (País de Gales), bretón (Bretaña francesa)...

5.- As linguas bálticas. Exemplos: lituano, letón.

6.- As linguas eslavas. Exemplos: ruso, ucraniano, polaco, checo (lingua falada na República Checa), eslovaco, esloveno (lingua falada en Eslovenia), búlgaro, serbo-croata...

¿SABÍAS QUE...?

O termo *eslavo* ten unha orixe curiosa. Procede en último extremo de *slověne*, forma coa que ese pobo se chama a si mesmo. A palabra foi tomada en grego medieval como *σκληβηνός*, a partir da cal se creou unha forma abreviada *σκληβος*, xa testemuñada dende o século VI d.C. Durante a Idade Media os eslavos foron vítimas do comercio esclavista de Bizancio, de forma que o nome do pobo se convertiu na denominación xenérica de “escravo”. Joan Corominas e José Antonio Pascual no *Diccionario crítico y etimológico castellano e hispánico* propoñen que a nós a palabra debeunos chegar a través do catalán, posto que en catalán a palabra xa é frecuente na Idade Media e ademais sabemos pola historia que os cataláns na Idade Media importaron do Imperio Bizantino moitos servos eslavos.

No século IX d.C (concretamente, no ano 862) o príncipe Rotislav de Moravia (a antiga Moravia estaba no que hoxe é a República Checa) solicitou a axuda do Emperador de Bizancio, Miguel III, para contrarrestar a influencia xermánica en Occidente. O emperador, dacordo co Patriarca de Constantinopla, Focio, elixiu para ese cometido os monxes **Cirilo** e **Metodio**. Esta elección resultou capital para o desenrolo e a configuración dos caracteres específicos da cultura eslava. Cirilo e Metodio eran dous irmáns nados en Tesalónica. A súa cidade fora sometida a repetidos ataques eslavos aos que lograra resistir, pero estaba rodeada por todas partes de poboación eslava. E, sen dúbida, os dous irmáns, aínda que falantes nativos de grego, coñecían ben esa lingua (o eslavo, posto que as diferentes linguas eslavas aínda non estaban diferenciadas), o cal era requisito esencial para a misión que lles fora encomendada.

Cirilo e Metodio traballaron arreo e poucos anos despois xa tiñan creado unha liturxia cristiá en eslavo e traducido a *Biblia*. Pero o eslavo non se puxera antes por escrito e as características da súa fonética non facían posible o uso directo nin do alfabeto latino nin do alfabeto grego. É por iso que os dous irmáns se viron na necesidade de improvisar un, que se basou fundamentalmente no grego: é o chamado alfabeto *cirílico* (o termo “cirílico” provén, obviamente, de Cirilo), que é o que aínda hoxe se emprega no ruso, ucraniano, búlgaro...

Como dixemos máis arriba, no século IX, data na que aparecen os primeiros documentos eslavos, as linguas eslavas aínda non estaban diferenciadas. O eslavo continuaba a ser fundamentalmente unha lingua unitaria. É o que chamamos *antigo eslavo* ou, como o seu uso orixinal foi fundamentalmente eclesiástico, *antigo eslavo esclesiástico*.

7.- As linguas indoiranias. Exemplos: entre as linguas indias máis importantes está o indio antigo ou *sánscrito*; entre as linguas iranianas podemos destacar o *persa*.

8.- Outras.

Existen outras linguas indoeuropeas que non pertencen a ningún dos grupos antes mencionados como poden ser o **armenio** ou o **albanés**...

LINGUAS NON INDOEUROPEAS EN EUROPA.

Un erro moi frecuente é crer que todas as linguas europeas son indoeuropeas. Non é así, posto que non son indoeuropeas, por exemplo, o finés (a lingua de Finlandia), o estonio, o húngaro (a lingua de Hungría) e o turco (a lingua de Turquía). En España, tamen existe unha lingua que non é indoeuropea: trátase do vasco ou éuscaro.

OUTRAS FAMILIAS LINGÜÍSTICAS

Calcúlase que no mundo existen unhas 6.000 linguas. A familia indoeuropea é moi importante, pero, evidentemente existen moitas outras como poden ser:

- Linguas sino-tibetanas. Exemplo: chinés.
- Linguas xapónicas. Exemplo: xaponés.
- Linguas semíticas. Exemplo: árabe.